



ACTA DE CONSTITUCION DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA " MELLORA PAVIMENTACIÓN CAMIÑOS RURAIS TUI. PLAN MARCO 2014-2015". PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás 13,30 horas do día 14 de agosto de 2015, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Enrique Cabaleiro González, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria acctal. do concello Dª María Jesús Blanco Martínez, o arquitecto técnico municipal D. Jose M. Ferreiroa González, a concelleira de Urbanismo e Facenda Dª Yolanda Rodríguez Rodríguez, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria Dª María de los Ángeles Domínguez Ramos.

PRIMEIRO.-

Con data 27 de xullo de 2015 acórdase pola Mesa de Contratación requirirá empresa "Pavimentos y Viales de Galicia, S.A" que presente xustificación da viabilidade de proposta económica presentadas no tocante á axeitada xustificación dos prezos ofertados en relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada. Pola empresa requirida, con data 06/08/2015. RXE 7374/2015, se presenta documentación aos efectos de xustificación de baixa desproporcional.

Remitida a documentación presentada pola referida empresa ao arquitecto técnico municipal para emisión de informe, de conformidade co indicado no art. 152.3 do TRLCSP, se emite con data 10/08/2015, o que se transcribe literalmente:

"JOSÉ MANUEL FERREIROA GONZÁLEZ, arquitecto técnico do Concello de Tui a petición do Departamento de Contratación para que emita INFORME sobre a xustificación de baixa desproporcionada da empresa PAVIMENTOS Y VIALES DE GALICIA, SL que se presentou ao concurso da obra de MELLORA DE PAVIMENTACIÓN CAMIÑOS RURAIS TUI. PLAN MARCO 2014-2015 convocado polo Concello de Tui, emito o seguinte:

INFORME TÉCNICO

1.- ANTECEDENTES

Con data 27 de xullo de 2015 constitúese a mesa de contratación da obra MELLORA DE PAVIMENTACIÓN CAMIÑOS RURAIS TUI. PLAN MARCO 2014-2015 para realizar a apertura da proposición económica.

Despois de proceder á análise das ofertas económicas solicítaselle a PAVIMENTOS Y VIALES DE GALICIA, SL xustificación da viabilidade da proposta económica, co obxecto de determinar se a súa oferta pode ser desproporcionada ou anormal.

PAVIMENTOS Y VIALES DE GALICIA, SL presenta xustificación da súa oferta (RXE/7374/2015 de 06/08/2015), que se me achega o 7 de agosto de 2015.

2.- ANÁLISIS DA XUSTIFICACIÓN PRESENTADA

1.- VALORACIÓN DAS MELLORAS

Indicase no apartado 3. JUSTIFICACIÓN DE LA COMPOSICIÓN DE LA OFERTA ECONÓMICA que *"... se añaden también valoradas a efectos de coste las partidas incluidas como mejoras en dicha oferta..."*

Na oferta presentada pola empresa inclúanse como melloras o incremento do prazo de garantía en catro (4) anos e o incremento de testigos e análise nun número de seis (6).

No desglose do presuposto comparado da obra que presenta PAVIMENTOS Y VIALES DE GALICIA, SL, nos custos unitarios reais da empresa non se considera ningún custo polo concepto de melloras.

2.- CUSTO DO AGLOMERADO EN QUENTE TIPO D-12 e BARRIDO DO FIRME

Indicase no apartado 3. JUSTIFICACIÓN DE LA COMPOSICIÓN DE LA OFERTA ECONÓMICA que *"... Sucede que en las uds de mayor peso, firme de aglomerado en caliente tipo D-12 de 5 cm de espesor y barrido del firme por medios mecánicos (marcado en rojo)... si se observa un coste bajo diferenciado con respecto al proyecto..."*

PAVIMENTOS Y VIALES DE GALICIA, SL ha adquirido recentemente una planta de fabricación de aglomerado asfáltico...

Con la compra de los terrenos de la planta se han adquirido unas 20.000 Tn de árido, que estaban acopiadas en la finca ... estas Tn de árido se han comprado sin coste alguno, por lo que no se van a tener en cuenta a la hora de considerar los costes ..."

No cálculo do prezo da mezcla bituminosa que presenta PAVIMENTOS Y VIALES DE GALICIA, SL, non se considera ningún custo polos áridos.

No custo da mezcla bituminosa indicase que o custo do equipo do extendido e de 3 uds a 1.600,00 €/ud cun total de 4.800,00 €. Pero non se indican cantos operarios e maquinaria compoñen un equipo de extendido, nin canto é o custo/hora dos operarios e máquinas empregadas.

Non se presenta xustificación da partida do barrido do firme por medios mecánicos.

3.- CONCLUSIONES

Polos motivos expostos anteriormente a criterio de este técnico considera que non está suficientemente xustificada a composición da oferta económica de PAVIMENTOS Y VIALES DE GALICIA, SL.

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outra mellor formada, ten carácter exclusivamente técnico, sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario e sen prexuízo do que decida a Mesa de Contratación como órgano competente para a estimación ou non da xustificación presentada.

Tui, 10 de agosto de 2015."

En base ao exposto anteriormente, a Mesa de Contratación, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Non admitir a oferta económica presentada pola empresa Pavimentos y Viales de Galicia, S.L, CIF B-94114519, con enderezo en Lugar de A Ermida-Marcón, 36158 Pontevedra, dado que, de conformidade co indicado o técnico municipal no seu informe, non está suficientemente xustificada a composición da oferta económica.

SEGUNDO.-

Seguidamente se procede á valoración das ofertas económicas presentadas polas empresas admitidas, de conformidade coa apertura pública de data 27/07/2015:

Empresa	Importe engadido IVE	Anos de garantía a mais ofertados	Testigos a mais ofertados
Asfagal Técnicas Viarias S.L.	65.971,72 €	4	6
Construccions Caldevergazo S.L.	73.810,00 €	2	6
Construciones Fechi S.L.U.	65.387,24 €	4	6
Narom S.L.	68.944,25 €	4	6
Construcciones, obras y viales S.A.	62.231,01 €	4	6
Excavaciones y contrucciones Manuel Perez Portela S.L.	70.973,25 €	1	6
Obras y Saneamientos de Galicia S.L.	72.618,16 €	2	6
Marconsa S.L.	69.036,09 €	4	6
Construcciones Vale S.L.	65.545,88 €	4	6

Polo arquitecto técnico municipal se emite puntuación ás melloras presentadas polos licitadores:

**VALORACIÓN DE MELLORAS**

EMPRESA	INCREMENTO DO PRAZO GARANTÍA		INCREMENTO Nº TESTIGOS		TOTAL SUMA
	ANOS	PUNTOS	TESTIGOS	PUNTOS	PUNTOS
ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	4,00	24,00	6,00	24,00	48,00
CONSTRUCC. CALDEVERGAZO, SL	2,00	12,00	6,00	24,00	36,00
CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	4,00	24,00	6,00	24,00	48,00
NAROM, SL	4,00	24,00	6,00	24,00	48,00
CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, SA	4,00	24,00	6,00	24,00	48,00
EXC y CONSTR MANUEL PÉREZ PORTELA	1,00	6,00	6,00	24,00	30,00
OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA, SL	2,00	12,00	6,00	24,00	36,00
MARCONSA, SL	4,00	24,00	6,00	24,00	48,00
CONSTRUCCIONES VALE, SL	4,00	24,00	6,00	24,00	48,00

A continuación se indica o **cálculo de puntuacións ás propostas económicas presentadas**, que, de conformidade co indicado na cláusula 16ª.1. Criterios cuantificables de forma automática. Proposición económica. Baixas ofertas sobre o prezo total do contrato, ata un máximo de 50 puntos. Puntuarase con 0 puntos aquelas ofertas que popoñan o tipo establecido (83.497,94€, incluído IVE). Outorgarase a valoración máxima á oferta máis baixa. O resto das ofertas serán valorados proporcionalmente, de acordo coa fórmula establecida nos pregos:

		Tipo			
	Ofertas	83.497,94 €	Bajas	Puntuación	orden
Construcciones, Obras y Viales, S.A.	62.231,01 €		21.266,93 €	50	1ª
Construcciones Fечи, S.L.	65.387,24 €		18.110,70 €	42,58	2ª
Construcciones Vale, S.L.	65.545,88 €		17.952,06 €	42,21	3ª
Asfagal Tecnicas Viarias, S.L.	65.971,72 €		17.526,22 €	41,21	4ª
Narom, S.L.	68.944,25 €		14.553,69 €	34,22	5ª
Marconsa, S.L.	69.036,09 €		14.461,85 €	34,00	6ª
Excav. y Constr. Manuel Pérez Portela, S.L.	70.973,25 €		12.524,69 €	29,45	7ª
Obras y Saneamientos de Galicia, S.L.	72.618,16 €		10.879,78 €	25,58	8ª
Construcciones Caldevergazo, S.L.	73.810,00 €		9.687,94 €	22,78	9ª

1º.- Do exposto anteriormente, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda outorgar as seguintes puntuacións á proposta económica e melloras presentadas polos licitadores, segundo tabla que se indica a continuación:

Empresa	Oferta económica	Puntuación prezo	Punt. melloras	Total
Construcciones, Obras y Viales, S.A.	62.231,01 €	50,00	48,00	98,00
Construcciones Fechi, S.L.	65.387,24 €	42,58	48,00	90,58
Construcciones Vale, S.L.	65.545,88 €	42,21	48,00	90,21
Asfagal Tecnicas Viarias, S.L.	65.971,72 €	41,21	48,00	89,21
Narom, S.L.	68.944,25 €	34,22	48,00	82,22
Marconsa, S.L.	69.036,09 €	34,00	48,00	82,00
Obras y Saneamientos de Galicia, S.L.	72.618,16 €	25,58	36,00	61,58
Excav. y Constr. Manuel Pérez Portela, S.L.	70.973,25 €	29,45	30,00	59,45
Construcciones Caldevergazo, S.L.	73.810,00 €	22,78	36,00	58,78

2º.- Á vista das puntuacións obtidas polos licitadores, a Mesa de Contratación, propón á empresa " CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A." (COVSA), NIF nº A 36008886, como oferta económica máis vantaxosa, con enderezo en Herminia Fariña Cobián, Baixo, cp 36003 Pontevedra, que se eleva ó órgano de contratación para requirir ó licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público así como documentación acreditativa dos aspectos presentados segundo de declaración responsable, de conformidade coa Lei 14/2013 de 27 de setembro.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION

O ALCALDE -PRESIDENTE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Enrique Cabaleiro González

Asdo. Mª de los Angeles Domínguez Ramos

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA ACCTAL. DO CONCELLO.

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: María Jesús Blanco Martínez.

A CONCELLEIRA DE URBANISMO E FACENDA

O ARQUITECTO TÉCNICO MUNICIPAL

Asdo. Mª Yolanda Rodriguez Rodriguez

.Asdo: Jose M. Ferreiroa González



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

